



PORTUGAL

Socios



Instituto de Investigación y Formación Agraria y Pesquera
CONSEJERÍA DE AGRICULTURA Y PESCA



ESPAÑA

FRANCIA



Desenvolvemento sostible
das pesqueiras artesanais do
Arco Atlántico (PRESPO).

Pola contra do que acontece coas pesqueiras industriais, a importancia das pesqueiras artesanais no eido biolóxico, ecolóxico, social, cultural e económico non se ten traducido en análises e estudos globais que permitan coñecer a súa situación e mellorar a súa xestión. Como consecuencia, prodúcense desaxustes entre os recursos dispoñibles, as capacidades, o respecto ó medio e a rendibilidade económica da actividade, que fai difícil acadar unha xestión eficaz dirixida ó logro dunha pesca responsable e sostible. É neste contexto que se enmarca o proxecto PRESPO.



Con la participación de la
Unión Europea
Proyecto cofinanciado por el
FEDER

Investindo no noso futuro común



PRESPO

-  **PÊCHE RESPONSABLE**
-  **PESCA RESPONSABLE**
-  **PESCA RESPONSÁVEL**



**PESCA ARTESANAL:
unha actividade con futuro.**

A flota artesanal de Portugal, España e Francia supón aproximadamente o 80% do total da flota de cada un deses países, sumando, no seu conxunto, perto de 24.000 buques e empregando arredor de 70.000 mariñeiros e armadores.

Garantir a sostibilidade da actividade pesqueira a logo prazo

¿QUE SE PROCURA CON PRESPO?

Mellorar a actual política de xestión dos recursos pesqueiros comúns no Espazo Atlántico explotados pola flota artesanal, co desenvolvemento de instrumentos alternativos no marco da xestión integrada das zonas costeiras.

Promover a organización e sostibilidade das pesqueiras costeiras, coa fin de manter os postos de traballo no sector pesqueiro, así como nas industrias asociadas con el.

¿CAIS SERÁN AS APORTACIÓNDS DE PRESPO?

Constituír un instrumento xerador de ideas, propostas e iniciativas para o estudio e xestión de pesqueiras artesanais en todo o espazo da UE.

Elaborar propostas innovadoras para as políticas europeas, nacionais, rexionais ou locais vincelladas co sector pesqueiro.

Liñas de actuación



XESTIÓN DO COÑECEMENTO E A INFORMACIÓN

Mellorar a información sobre a actividade pesqueira artesanal, mediante a identificación da información existente, o desenvolvemento de novas metodoloxías, así como desenvolver ferramentas de almacenamento e análise da información.



MODELOS DE XESTIÓN

Desenvolver e/ou aplicar modelos transnacionais para unha xestión sostible de pesqueiras artesanais do Arco Atlántico, capaces de integrar e interrelacionar unha serie de indicadores (de regulación, económicos, sociais, tecnolóxicos e biolóxicos).



DIVERSIFICACIÓN SOCIOECONÓMICA

Fortalecer a base económica e social das comunidades pesqueiras do Arco Atlántico, identificando eixos de diversificación das súas actividades e reorientando as súas capacidades cara eidos complementarios á actividade pesqueira.



OPTIMIZACIÓN COMERCIAL

Identificar os mecanismos que permiten engadir valor ós produtos da pesca e definir cales son os límites de actuación tendo en consideración a oferta e demanda de ditos productos.



SELECTIVIDADE E DESCARTES

Mellorar a xestión das pesqueiras a través do desenvolvemento de estratexias que procuren ó mesmo tempo aumentar a selectividade dos artes de pesca e diminuir os descartes.

